



TELETRABALLO E CIBERSEGURIDADE

CONSELLOS E RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE PARA TRABALLAR NA CASA



Acceda desde unha **conexión a internet de confianza**.



Utilice as **ferramentas corporativas** postas a disposición pola Xunta de Galicia para o traballo remoto, **evitando o uso de plataformas alleas** que poidan implicar riscos de seguridade (técnicos e normativos).



Acceda á rede corporativa e ao equipo do seu posto de traballo **só durante a xornada laboral**. Evite, polo tanto, que a conexión quede aberta fóra dela ou cando non sexa necesario o seu uso.



Manteña **actualizado o seu equipo informático persoal**. Execute todas as actualizacións de seguridade e dos programas que utilice no seu equipo. Tamén debe contar con un **antivirus** instalado e permanentemente actualizado.



Siga unhas **pautas seguras cando navegue por internet**, para así evitar a infección do equipo.



Protexa o seu equipo cunha **contrasinal** para evitar accesos non desexados.



Mentres utiliza a conexión corporativa recorde que non debe, simultaneamente, realizar co mesmo equipo **actividades alleas ás propias do traballo** (por exemplo acceder a páxinas web non relacionadas coa actividade, executar aplicacións ou abrir documentos que non sexan corporativos...)



Sempre que sexa posible, **non copie información no disco local** do ordenador que se estea utilizando na casa. O recomendable é conectarse por escritorio remoto ao ordenador do traballo e seguir almacenando toda a información nos repositorios corporativos habituais.



No uso do correo electrónico lembre **estar alerta ante calquera correo sospeitoso**.

En caso de recibir algún con estas características siga estas pautas:

- ➔ Non faga clic en ningunha ligazón
- ➔ Non abra os ficheiros adxuntos
- ➔ Non introduza credenciais (usuario ou contrasinal) en páxinas de dubidosa lexitimidade. Fíxese ben que na dirección que se mostra na barra de navegación se use o protocolo seguro HTTPS e verifique o certificado asociado á páxina web.
- ➔ Verifique o campo "de" do correo e comprobe cal é a dirección de correo do remitente, máis alá do "alias" que empregue. En caso de dúbida, recoméndase chamar ou contactar previamente co remitente para confirmar a lexitimidade do correo.
- ➔ Sospeite, en xeral de:
 - ➔ Correos con faltas de ortografía ou outros erros de redacción, así como calquera outro elemento sospeitoso
 - ➔ Ligazóns curtas ou daquelas nas que, ao pasar o punteiro do rato por riba delas, apunten a una dirección que non sexa coñecida ou de sitios web da Xunta de Galicia



Problemas? dúbidas?

Ante calquera dúbida, se cre que puido ser vítima dun correo fraudulento ou no caso de querer comunicar un incidente de seguridade informática póñase en contacto co seu **Centro de Atención ao Usuario (CAU) de referencia** (aquele co que contacte habitualmente)